INFORME sobre proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural
(Expte. MR-2026-005-M)

ANTECEDENTES

Solicitude de informe

Esta dirección xeral recibe escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, solicitando a tramitación da modificación da relación de postos de traballo da consellería.

Entre a documentación remitida consta a seguinte:

- Memorias funcional e económica
- Táboa de equivalencias
- Acta de negociación coas organizacións sindicais celebrada o xx.xx.2026
- Anexo de postos amortizados, modificados e creados

Segundo. Informe preceptivo da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de data 01.07.2026, de conformidade co disposto no artigo 14.2.C.c) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

INFORME

Primeiro. Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes consellerías:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Consellería de Política Social e Igualdade
- Consellería de Economía e Industria
- Consellería de Facenda e Administración Pública
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- **Consellería do Medio Rural**
- Consellería do Mar

Segundo. Estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril).

Este decreto, no artigo 11, establece que a Consellería do Medio Rural estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica
2. Dirección Xeral de Defensa do Monte
3. Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal
4. Dirección Xeral de Gandaría e Agricultura e Industrias Agroalimentarias
5. Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria

Quedando **adscritos** á consellería:

- O organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria
- O ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- A Axencia Galega de Calidade Alimentaria

Terceiro. Decreto de estrutura orgánica

A actual estrutura orgánica está establecida no **Decreto 148/2024, do 20 de maio,** polo que se modifica o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 101, do 27 de maio).

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

Cuarto. Obxecto do informe

O obxecto do presente informe é a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural coa finalidade de **adaptar a estrutura organizativa e funcional dos servizos vinculados ao dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais**.

De acordo coa memoria funcional a modificación comprende as seguintes actuacións:

a) Creación dunha estrutura específica adscrita á Dirección Xeral de Defensa do Monte destinada á Unidade de Directores/as de Extinción (UDEX).

b) Adecuación da configuración de determinados postos técnicos vinculados ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPIF), mediante a súa inclusión no acordo de condicións específicas, a adaptación da súa dependencia funcional, a homoxeneización da súa denominación e a apertura de determinados postos ao subgrupo A2.

c) Modificación da adscrición territorial dun posto de traballo de vixilante-emisorista na provincia de Lugo.

A proposta consiste en:

- **Creación de 16 postos** de traballo:
  - **1 posto** de Axente coordinador/a autonomico/a UDEX
  - **2 postos** de Axentes coordinador/a I e II UDEX
  - **12 postos** de Axentes UDEX
  - **1 posto** de Emisorista-Vixilante fixo

- **Amortización de 1 posto** de traballo:
  - **1 posto** de Emisorista-Vixilante fixo

- **Outras modificacións:** (recodificacións, corpos/escalas de adscrición, cambios de denominación....)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

Quinto. Persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

O 01.04.2008 asinouse o "Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais".

O obxecto deste acordo é regular as condicións de traballo deste persoal funcionario que presta os seus servizos no Servizo de Prevención e Defensa contra os incendios forestais.

Están integrados neste Servizo de prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Consellería do Medio Rural todos os postos de traballo correspondentes aos "grupos A1 e A2 incluídos nos Servizos Centrais da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, nos Servizos Provinciais de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e nos Distritos Forestais".

Este acordo regula as condicións específicas deste colectivo en canto ao réxime e prestación de servizos, xornada de traballo, réxime horario en período extraordinario, vacacións, permisos e licenzas, así como o réxime retributivo.

Estas condicións específicas de traballo levan aparellado unhas retribucións diferentes aos demais postos de persoal funcionario, que se reflicten nun complemento específico diferencial ao igual que na percepción dun complemento de produtividade pola realización de determinadas quendas de garda.

Segundo indican na memoria funcional, "para a prestación do servizo, no período de alto risco, nos diferentes centros de coordinación provincial, é necesario que en cada quenda de garda haxa un xefe de garda e un técnico de apoio ao xefe de garda. Ata o ano 2019, tendo en conta que as funcións de planificación e ordenación forestal e extinción de incendios estaban no mesmo centro directivo, as funcións de Xefe de garda eran desempeñadas polos Xefes de servizo do SPIF, Xefes de servizo de Montes e as Xefaturas de Área (nivel 26), e as funcións de técnico de apoio eran desempeñadas polas Unidades Técnicas (nivel 25) e polos postos bases A1 que contan co requisito de titulación de Enxeñería de Montes".

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xuño de 2019 aprobouse unha nova RPT na que se crearon determinados postos (Xefaturas de Área e un Posto base subgrupo A1 dependente da Dirección Territorial de Lugo) que, malia desempeñar funcións vinculadas ás gardas, segundo indican na memoria funcional, non foron incluídos no citado acordo de condicións específicas.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

Co fin de poder contar cun dispositivo apropiado para realizar as gardas de incendios, de conformidade co previsto no acordo de condicións específicas, é preciso dotar os anteditos postos coas retribucións recoñecidas no dito acordo, o que permite ter adecuadamente dimensionado o servizo para a realización das gardas de incendios.

Sexto. Unidade de Directores de Extinción (UDEX)

Os operativos de extinción de incendios forestais veñen facendo fronte a situacións de crecente complexidade debido ao aumento da duración do período de risco, a maior virulencia dos lumes e ao incremento da superficie media por incendio afectada. Estes factores dificultan o control eficaz dos incendios e fan necesaria unha mellora da estrutura de mando e coordinación operativa.

No marco da evolución do dispositivo autonómico de prevención e defensa contra incendios forestais, e particularmente tras a implantación progresiva do **Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP)** recollido no **Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA)**, púxose de manifesto a necesidade de reforzar as capacidades de dirección, coordinación avanzada e apoio operativo nos incendios forestais de maior complexidade.

O SEMOP configura unha estrutura modular de xestión operativa baseada na especialización funcional, na coordinación permanente dos recursos de intervención e na organización xerarquizada da dirección das emerxencias, incorporando funcións específicas asociadas á dirección técnica da extinción, planificación, operacións, loxística, coordinación aérea e organización sectorial do incendio.

O PLADIGA establece diferentes niveis operativos (A, B e C), sendo os incendios de tipo B e C os que requiren maior número de medios e estrutura de mando especializada, como establece o sistema SEMOP (Sistema Estrutural de Mando Operativo) derivado do modelo ICS (Sistema de manexo de emerxencias).

A implantación efectiva deste modelo organizativo require **dispoñer de persoal cun elevado grao de experiencia operativa, coñecemento técnico especializado, capacidade de coordinación de recursos complexos e dispoñibilidade para actuar en escenarios de elevada simultaneidade de incendios, afectación a persoas e bens non forestais ou situacións de especial dificultade operativa.**

A **Unidade de Directores de Extinción (UDEX)** foi configurada funcionalmente no ano 2023 no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA). Esta unidade esta composta por un equipo de traballo formado por **persoal especialmente cualificado e especializado nos labores de Dirección de Extinción que, en lumes con elevado potencial de converterse en gran incendio forestal** de nivel (operativo) B ou C, poderán ser mobilizados polo Centro de Coordinación Central (CCC) para a súa

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

intervención, coa intención de facilitar e favorecer o correcto desenvolvemento do operativo, **podendo asumir, de ser necesario, a Dirección Técnica de Extinción** ou calquera outra figura do SEMOP á súa chegada ao lume. O persoal que conforma o dito equipo de traballo terá **dependencia funcional directa da Dirección Xeral de Defensa do Monte** e cumprirá coas misións específicas do seu posto definidas no Pladiga**, tendo en conta a posibilidade de executalas no emprazamento que requira o procedemento a seguir en función da localización do incendio a atender**. A súa vez, coordinarán aos demais medios terrestres dependentes do CCC desprazados ao lume para o seu correcto funcionamento, seguridade e oportunidade da súa desmobilización.

Coa actual modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural preténdese dotar a UDEX dunha cobertura estrutural específica, mediante a creación de postos expresamente adscritos ao desenvolvemento destas funcións e **cun ámbito de actuación autonómico:**

- **Axente coordinador/a autonomico/a UDEX**
  Segundo recolle a memoria funcional o Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX exerce as funcións de "coordinación estratéxica da unidade, organización dos efectivos adscritos, planificación do despregue operativo, dirección funcional da estrutura e coordinación inmediata coa Dirección Xeral de Defensa do Monte, este posto se crea baixo a dependencia directa do/a director/a xeral de Defensa do Monte.

  Así mesmo, as funcións atribuídas ao posto están directamente vinculadas á xestión operativa de situacións de emerxencia de elevada complexidade, requirindo dispoñibilidade permanente, capacidade de coordinación inmediata, elevada autonomía funcional e unha relación directa de coordinación e confianza funcional co órgano directivo responsable do dispositivo".

- **Axentes coordinadores/as I e II UDEX**
  Segundo recolle a memoria funcional o desenvolvementos destes postos require "de experiencia acreditada en dirección e coordinación de incendios forestais complexos, coñecementos especializados na aplicación do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP), capacidade de toma de decisións en situacións de emerxencia e elevada simultaneidade, coordinación de medios terrestres e aéreos, capacidade de planificación operativa e organización de dispositivos de extinción de ámbito superior ao distrito, dispoñibilidade e adaptación a escenarios de elevada presión operativa.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

- **Axentes UDEX**

Segundo o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia 2026 (PLADIGA), son axentes UDEX "aqueles/as que, independentemente da súa categoría, con dependencia funcional e xerárquica do Director Xeral de Defensa do Monte, sexan nomeados/as como integrantes da Unidade de Directores de Extinción. Os/as axentes UDEX poderán asumir calquera das figuras establecidas no SEMOP, especialmente nos incendios de nivel B e C, e poderán realizar calquera función da súa escala que lles sexa encomendada en materia de formación, prevención e extinción de incendios forestais".

Sétimo. Creacións, modificación e amortizacións de postos

- **Sétimo 1. Creacións**

Forma parte desta proposta a creación de **16 postos** de traballo cuxa clasificación completa e detallada figura no anexo a este informe.

DENOMINACIÓN DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO ÁREA FUNC.	CORPO/ ESCALA ADSCRICIÓN ADM. PÚB.	OBSERVACIÓNS
DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE					
AXENTE COORDINADOR/A AUTONOMICO UDEX MR.C03.00.000.15770.050	LD	25	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE COORDINADOR/A I UDEX MR.C03.00.000.15770.051	CE	22	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE COORDINADOR/A II UDEX MR.C03.00.000.15770.052	CE	22	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.053	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.054	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.055	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.056	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.057	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

DENOMINACIÓN DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO ÁREA FUNC.	CORPO/ ESCALA ADSCRICIÓN ADM. PÚB.	OBSERVACIÓNS
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.058	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.059	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.060	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.061	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.062	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.063	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
AXENTE UDEX MR.C03.00.000.15770.064	C	20	C1	EAFM AXG	954 ITINERANTE, ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (LUGO)					
EMISORISTA-VIXILANTE FIXO MR.C99.10.801.27001.213	C	14	C2	EDI2 AXG	

CÓDIGOS

EAFM	ESPECIAL (ESCALA AXENTES FACULTATIVOS MEDIOAMBIENTAIS)
EDI2	ESPECIAL (ESCALA DE BOMBEIRO FORESTAL - ESP. EMISORISTA/VIXILANTE FIXO)
AXG	ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A PERSOAL FUNCIONARIO DA XUNTA DE GALICIA.
954	PERMISO CONDUCIR B (RI)
C	CONCURSO
CE	CONCURSO ESPECÍFICO
LD	LIBRE DESIGNACIÓN

Co carácter de "itinerante, ámbito territorial da Comunidade Autónoma" evita, segundo recollen na memoria funcional "a dependencia de solucións provisionais baseadas na reasignación de efectivos dos distritos forestais, garantindo o mantemento da súa capacidade operativa ordinaria e reforzando, ao mesmo tempo, a eficacia global do dispositivo de defensa contra incendios forestais.

En relación a este carácter de "itinerante, ámbito territorial da Comunidade Autónoma", cómpre ter en conta o establecido en canto á duración máxima da xornada laboral na Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 249, do 31 de decembro), modificada pola orde do 29 de decembro de 2023 (DOG núm. 5, do 5 de xaneiro de 2024).

- **Sétimo 2. Modificacións**

A presente relación de postos de traballo recolle as seguintes modificacións e/ou recodificación dos seguintes postos e nos seguintes termos:

MODIFICACIÓN			
CÓDIGO-DENOMINACIÓN (anterior)	**GRUPO/SUBGRUPO CORPO/ESCALA NIVEL (anterior)**	**CÓDIGO-DENOMINACIÓN (novo)**	**GRUPO/SUBGRUPO CORPO/ESCALA NIVEL (nova)**
SERVIZOS PERIFÉRICOS- SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (A CORUÑA)			
POSTO BASE SUBGRUPO A1 **MR.C99.10.000.15001.015**	A1 ESE5 20	POSTO BASE SUBGRUPO A1 **MR.C99.10.801.15001.213**	A1 ESE5 20 **(*)**
SERVIZOS PERIFÉRICOS- SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (LUGO)			
POSTO BASE SUBGRUPO A1 **MR.C99.10.801.27001.004**	A1 ESE5 20	POSTO BASE SUBGRUPO A1 **MR.C99.10.801.27001.004**	A1 ESE5 20 **(*)**
SERVIZOS PERIFÉRICOS- SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)			
TÉCNICO/A DE APOIO AO **SPDCIF** MR.C99.10.801.32001.010	A1 ESE5 CD 20	TÉCNICO/A DE APOIO AO **SPIF** MR.C99.10.801.32001.010	A1-**A2** **EME3**/ESE5 20
SERVIZOS PERIFÉRICOS- SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)			
TÉCNICO/A DE APOIO AO **SPDCIF** MR.C99.10.801.36001.010	A1 ESE5 20	TÉCNICO/A DE APOIO AO **SPIF** MR.C99.10.801.36001.010	A1-**A2** **EME3**/ESE5 20

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS
EME3 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS TÉCNICOS - ESP. ENX. TÉCNICA FORESTAL)
ESE5 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. DE MONTES)

(*) Modificación do complemento específico que pasa de **8.877,68** a **15.151,36** euros.

En relación á modificación de dous **Postos base subgrupo A1** (MR.C99.10.000.15001.015 e MR.C99.10.801.27001.004) da escala de Enxeñeiros/as, especialidade de **Montes** consistente en deixar de ser postos base para seren **Técnico/as de Apoio ao SPIF e abrilos tamén ao subgrupo A2**, da especialidade de **Enxeñería Técnica Forestal**, esta dirección xeral entende que a clasificación en vigor destes postos non permite esta modificación como tal, xa que máis ben estamos ante a amortización de dous postos base do subgrupo A1 (non vacantes con persoa en destino definitivo) para a creación doutros novos de distinta clasificación e funcións.

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código. https://sede.xunta.gal/cve
CVE: uE86S2WORdm3

MODIFICACIÓN			
CÓDIGO-DENOMINACIÓN	**GRUPO/SUBGRUPO CORPO/ESCALA NIVEL**	**COMPLEMENTO ESPECÍFICO (anterior)**	**COMPLEMENTO ESPECÍFICO (nova)**
SERVIZOS PERIFÉRICOS- SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (A CORUÑA)			
XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II MR.C99.10.801.15001.010	A1-A2 EME3-ESE5 26	16.482,62	22.846,04
XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS III MR.C99.10.801.15001.011	A1-A2 EME3-ESE5 26	16.482,62	22.846,04
SERVIZOS PERIFÉRICOS- SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (LUGO)			
XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II MR.C99.10.801.27001.009	A1-A2 EME3-ESE5 26	16.482,62	22.846,04
SERVIZOS PERIFÉRICOS- SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (OURENSE)			
XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II MR.C99.10.801.32001.011	A1-A2 EME3-ESE5 26	16.482,62	22.846,04
SERVIZOS PERIFÉRICOS- SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)			
XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II MR.C99.10.801.36001.011	A1-A2 EME3-ESE5 26	16.482,62	22.846,04

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS
EME3 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS TÉCNICOS - ESP. ENX. TÉCNICA FORESTAL)
ESE5 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. DE MONTES)

- **Sexto 3. Amortizacións:** A presente relación de postos de traballo recolle a amortización do seguinte posto vacante:

CENTRO DE DESTINO	POSTO	GRUPO SUBG./CAT	NIVEL F. PROV
COMARCA FORESTAL: MARIÑA CENTRAL	EMISORISTA - VIXILANTE/A FIXO/A MRC995006227290030	C2 EDI2	14 C

CÓDIGOS
EDI2 ESPECIAL (ESCALA DE BOMBEIRO FORESTAL - ESP. EMISORISTA/VIXILANTE FIXO)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

Sétimo. Postos de concurso específico

Segundo recollen na memoria funcional, a forma de provisión de concurso específico dos postos dos Axentes Coordinadores/as UDEX considérase plenamente xustificado o concurso específico como sistema de provisión, atendendo a que estes postos requiren " de experiencia acreditada en dirección e coordinación de incendios forestais complexos, coñecementos especializados na aplicación do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP), capacidade de toma de decisións en situacións de emerxencia e elevada simultaneidade, coordinación de medios terrestres e aéreos, capacidade de planificación operativa e organización de dispositivos de extinción de ámbito superior ao distrito, dispoñibilidade e adaptación a escenarios de elevada presión operativa.

A natureza destas funcións fai necesario valorar non só os méritos xerais do persoal aspirante, senón tamén capacidades, aptitudes, coñecementos técnicos e experiencia específica directamente vinculados co desempeño efectivo do posto,mediante os mecanismos previstos regulamentariamente para o concurso específico.

Neste sentido, o artigo 20.6 do Decreto 151/2022 prevé expresamente que o concurso específico inclúa unha segunda fase dirixida á valoración de capacidades, aptitudes ou coñecementos relacionados co posto, mediante probas prácticas, memorias, entrevistas, test profesionais ou sistemas similares.

A utilización deste sistema de provisión considérase especialmente adecuada para garantir que os postos de coordinación da UDEX sexan desempeñados por persoal cun perfil profesional altamente especializado e adaptado ás funcións de dirección operativa avanzada que desenvolve esta unidade".

Oitavo. Postos de libre designación

O artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que soamente se poderán cubrir polo sistema de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as **vicesecretarias xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional** que se determinen nas relacións de postos de traballo.

Así mesmo, o artigo 91 da dita norma, establece que as xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

Nesta proposta, inclúe esta forma de provisión, de xeito excepcional, o posto de traballo que a continuación se sinala:

CÓDIGO DO POSTO	POSTO	CRITERIO
MR.C03.00.000.15770.030	AXENTE COORDINADOR AUTONOMICO UDEX	ASESORAMENTO E DEPENDENCIA DIRECTA DUN ALTO CARGO

Esta excepcionalidade vén determinada polas funcións que este posto desenvolve que evidencia o cumprimento dalgún dos criterios ou atribucións dos recollidos na Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 44 do 4 de marzo).

AXENTE COORDINADOR AUTONOMICO UDEX

Segundo recollen na memoria funcional correspondente, a xustificación da cobertura deste posto polo sistema de libre designación vén determinada por exercer "...funcións de coordinación estratéxica da unidade, organización dos efectivos adscritos, planificación do despregue operativo, dirección funcional da estrutura e coordinación inmediata coa Dirección Xeral de Defensa do Monte, este posto se crea baixo a **dependencia directa do/a director/a xeral de Defensa do Monte.**

Así mesmo, as funcións atribuídas ao posto están directamente vinculadas á xestión operativa de situacións de emerxencia de elevada complexidade, requirindo dispoñibilidade permanente, capacidade de coordinación inmediata, elevada autonomía funcional e unha relación directa de coordinación e confianza funcional co órgano directivo responsable do dispositivo.

A singularidade funcional do posto, o seu ámbito de actuación autonómico, a elevada responsabilidade asociada á coordinación operativa avanzada dos incendios forestais e a súa especial vinculación funcional coa dirección do dispositivo permiten apreciar as circunstancias excepcionais que xustifican a utilización do sistema de libre designación".

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

Noveno. Actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Por Resolución do 29 de setembro de 2025 publicouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de setembro de 2025, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 188, do 30 de setembro).

O posto de traballo de **Asesor/a Xurídico/a de Desenvolvemento Rural e Montes** (código MR.C02.00.008.15770.001) incluíuse por erro na publicación do DOG do 30 de setembro en dous **centros de destino**:

- Asesoría Xurídica de Desenvolvemento Rural e Montes
- Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño (Salceda de Caselas-Pontevedra)

En consecuencia**, cómpre corrixir este erro eliminando este posto do centro de destino da Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño (Salceda de Caselas-Pontevedra)** e mantendo a ubicación correcta no centro de destino Asesoría Xurídica de Desenvolvemento Rural e Montes.

CONCLUSIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais contidas na proposta sometida a informe este centro directivo, **INFORMA FAVORABLEMENTE** á modificación da relación de postos de traballo da **Consellería de Medio Rural.**

Incorporamos a este informe o anexo de RPT onde figura a clasificación completa e detallada dos postos.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Nuria Aguilar Vázquez

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 02/07/2026 10:30:54

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: uE86S2WORdm3 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal